

ANiAS

FORMACIÓN E XESTIÓN SOCIOCULTURAL

Educaenliña


Actividades extraescolares
en directo dende a túa casa.

Aprende de forma divertida



Quen somos

Unha empresa galega con máis de 20 anos no sector das actividades extraescolares que sempre busca innovar e ofertar ás familias un servizo de calidade, adaptado ás necesidades actuais.



Educaenliña

É un programa de actividades extraescolares en liña impartidas en directo con profesionais especializados.

En **EDUCAENLIÑA** aportamos a nosa experiencia e todos os beneficios que nos brindan os medios dixitais para seguir servindo de apoio ás familias, coa posibilidade de que os vosos fillos e fillas continúen formándose e divertíndose dende a casa, podendo interactuar co monitor/a e co resto dos compañeiros/as a través dos medios dixitais.



Cómo funciona Educaenliña!

Actividades e inscricións

Matricúlate en tres pasos:

1. Selecciona unha ou máis actividades do teu interese
2. Inscríbete na seguinte ligazón [Inscrición Educaenliña](#) ou a través do código QR



3. Porémonos en contacto contigo para confirmar o proceso de matrícula.

Prezos e condicións

- Consulta en cada actividade o prezo mensual.
- A forma de pago é mensual mediante domiciliación bancaria.
- Podes cambiar de actividade ou darte de baixa solicitándoo por correo electrónico do 1 ao 20 do mes anterior.
- Consulta os nosos descontos para máis dunha actividade.

Acceso a clase

No día e hora da actividade accede cun click á aula virtual a través da ligazón que che enviaremos. Serás recibido en directo polo/a docente e o resto dos/as compañeiros/as.

Información e contactos

Teléfonos: 986 86 45 98 (9:00 a 14:00)

649 34 64 57 / 685 53 52 02

Correo electrónico: anias@anias.es

Oficina: rúa Echegaray, 39, baixo, 36002 Pontevedra.

Actividades Educaenliña

▶ Idiomas



- Inglés
- Francés
- Alemán

▶ Apoio ao estudo



- Grupo reducido
- Individual

Arte e deseño



- Debuxo artístico
- Ilustración e deseño

▶ Tecnoloxía




- Informática
- Programación de videoxogos
- Robótica
- Deseño e impresión 3D

▶ Diversión saudable



- Baile
- Ioga
- Cociña en familia



Idiomas

Obradoiro de Inglés

Aprende inglés a través de xogos e actividades divertidas. Poderás interactuar con outros compañeiros/as ao tempo que aprendes sen esforzo.

Dirixido a: Primaria

Cando:

Mércores ou venres (escoller un día)

17:30 a 18:30 (1º, 2º e 3º Primaria)

18:45 a 19:45 (4º, 5º e 6º Primaria)

Prezo: 25 €/mes



Inglés Trinity

Estas clases preparan para os exames oficiais do London Trinity College, que outorga certificados de recoñecemento internacional. O alumno/a aprende o idioma de forma natural, a través dunha metodoloxía de conversa, dinámica e motivadora.

Dirixido a: Primaria (a partir dos 8 anos), ESO e Bacharelato

Cando:

Luns e Mércores: 10:00 a 11:00 (Bacharelato)

Luns e Mércores: 19:00 a 20:00 (Primaria e ESO)

Prezo: 48€/mes



Francés

Se queres aprender francés ou melloralo de forma amena con estas clases en pequeno grupo poderás facelo en pouco tempo.

Podes escoller:

Iniciación: Para quen non ten coñecementos previos ou ten un nivel moi básico.

Falemos en francés: Para quen xa coñece o idioma e quere mellorar as súas capacidades de comunicación, adquirindo progresivamente soltura na fala.

Dirixido a : Primaria, ESO e Bacharelato

Cando:

Iniciación: Mércores de 16:00 a 17:00 ou de 17:30 a 18:30

Xoves de 10:00 a 11:00 (Bacharelato)

Falemos en francés: Xoves de 11:30 a 12:30 (Bacharelato)

Prezo: 25 €/mes



Alemán

Iníciate no idioma alemán abordando diferentes aspectos de comprensión, gramática, conversa e cultura.

Dirixido a: Primaria, ESO e Bacharelato

Cando:

Luns ou mércores: 17:30 a 18:30

Xoves mañá :11:00 a 12:00 (Bacharelato)

Prezo: 25 €/mes



Apoio ao estudo

Grupos reducidos

Neste espazo os/as alumnos/as aprenderán a aplicar diferentes técnicas de estudo que faciliten progresivamente a autonomía e a organización necesarias para afrontar as responsabilidades académicas.

Dirixido a: Primaria, ESO, Bacharelato

Cando :

1 sesión semanal: luns a venres (1 día)

2 sesións semanais: luns e mércores ou martes e xoves

3 sesións semanais: luns, mércores e venres

Primaria	ESO	Bacharelato
16:00 a 17:00	17:30 a 18:30	19:00 a 20:00

Prezo:	Primaria / ESO	Bacharelato
Cota mensual: 1 hora/semana	28€ / 30€	
Cota mensual: 2 horas/semana	48€ / 50€	
Cota mensual: 3 horas/semana	68€ / 70€	

Apoio individual

Esta actividade permítenos acompañar aos/as estudantes na superación das súas dificultades académicas, construíndo hábitos de estudo que faciliten a aprendizaxe das materias e a comprensión dos contidos escolares.

Dirixido a: Primaria, ESO, Bacharelato

Cando: Consultar

Prezo: 1 alumno/a: 15€/h (para irmáns consultar prezo)



Arte e deseño

Debuxo artístico

A través do debuxo poderás despertar a túa imaxinación e creatividade, así como expresar e comunicar ideas, sentimentos e sensacións mediante a aplicación das diferentes técnicas do debuxo artístico e o uso da cor.

Dirixido a: Primaria e ESO

Cando:

Luns de 16:30 a 17:30

Prezo: 28 €/mes



Espazo creativo: arte, xogo e movemento

Un espazo de encontro para despertar a creatividade, a curiosidade e gozar de compartir con outros nenos/as experiencias a través do xogo, a plástica, a música e o movemento.

Dirixido a: Primaria

Cando:

Xoves de 16:30 a 17:30 ou de 18:00 a 19:00

Prezo: 28 €/mes

Ilustración e deseño gráfico

Aprende a organizar o teu proceso creativo, ilustrando as túas ideas a través de diferentes técnicas de deseño gráfico combinando o formato analóxico e dixital.

Dirixido a: Primaria e ESO

Cando:

Luns de 17:45 a 18:45

Prezo: 28 €/mes



Tecnoloxía

Programación e deseño de videoxogos

Mellora as competencias lóxico-matemática e tecnolóxica a través de desafíos dixitais e retos divertidos que che permitirán progresar no manexo de programas de deseño e creación de videoxogos.

Dirixido a: Primaria / ESO

Cando:

Sábados de 10:00 a 11:00 (Primaria)

Sábados de 11:30 a 12:30 (ESO)

Prezo: 25 €/mes



Informática

Aprende a manexar o ordenador través de actividades e exercicios prácticos e divertidos, avanzando de forma progresiva e personalizada. Poderás mellorar na presentación dos teus traballos escolares.

Dirixido a: Primaria / ESO

Cando:

Luns de 16:00 a 17:00 (Primaria)

Luns de 18:20 a 19:20 (ESO)

Prezo: 25 €/mes



Robótica

Aprende a programar dispositivos robóticos planificando todo o proceso. Podes escoller entre:

Robótica iniciación: Para quen non ten nocións previas de robótica.

Programación e robótica: Para quen xa ten nocións de robótica e quere seguir aprendendo.


Dirixido a: Primaria / ESO

Cando:

Robótica iniciación: Sábados de 9:30 a 10:30

Programación e robótica: Sábados de 13:00 a 14:00

Prezo: 38 €/mes



Deseño e impresión 3D

Desenvolve o pensamento lóxico-matemático e visual-espacial ao tempo que coñeces o funcionamento dunha impresora 3D e as bases do modelado 3D para poder elaborar os teus propios deseños.

Dirixido a: Primaria / ESO

Cando:

Sábados de 16:00 a 17:00

Prezo: 38 €/mes



Diversión saudable

Baile moderno

Divértete aprendendo a bailar ao tempo que melloras as túas capacidades físicas e sentido do ritmo.

Dirixido a: Primaria

Cando:

Luns de 16:15 a 17:15 ou de 17:30 a 18:30

Prezo: 22€/mes (Máis 1 irmán/á 30€/mes)



Cociña en familia

Goza dunha estupenda tarde en familia elaborando deliciosas e saudables receitas dende a comodidade da vosa casa.

Dirixido a: Menor acompañado dun adulto

Cando:

Mércores de 16:30 a 17:30 ou de 18:00 a 19:00

Prezo: 30 €/mes (menor + adulto)

Ioga

Achégate aos beneficios do ioga a través dunha práctica adaptada, coidada e divertida para manter en equilibrio e harmonía o noso corpo, mente e corazón.

Dirixido a: Primaria

Cando:

Martes de 16:15 a 17:15 ou de 17:30 a 18:30

Prezo: 22€/mes (Máis 1 irmán/á 30€/mes)



Masterclass de cociña

Pasade unha mañá de sábado diferente coas nosas masterclass en directo dende o espazo gastronómico Via nai, cociñando receitas variadas e nutritivas da man dunha dietista.

Dirixido a: Familias

Cando: consultade dispoñibilidade nas seguintes datas:

- * **Sábado** - 20 de febreiro – Especial culler: cremas e legumes saborosas
- * **Sábado** - 20 de Marzo – Espetos saudables
- * **Sábado** - 17 de abril – Pasta caseira
- * **Sábado** - 15 de maio – Merendas nutritivas
- * **Sábado** - 19 de xuño – Especial doces

Horario: 11:30 a 13:00

Prezo: 25 € por familia

